

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE  
CURSO: 4º PRIMARIA  
MATERIA: ED. MUSICAL  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 4 MAYO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>B1-2.</b> Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	<b>B1-2.2.</b> Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características e utilizaas como marco de referencia para as creacións propias. CEC CD
<b>B2-3.</b> Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	<b>B2-3.1.</b> Busca información bibliográfica, en medios de comunicación ou en Internet información sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais. CEC CD CSC
<b>B3-1.</b> Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa contribución ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social.	<b>B3-1.1.</b> Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social. CEC AA CSC CD

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Análise e valoración das tarefas propostas que sexan enviadas polas familias</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Documentos gráficos ou textuais.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Tendo en conta as instrucións (27 abril) da Consellería de Educación en relación ao desenvolvemento do terceiro trimestre e tendo en conta que a avaliación é continua, a cualificación da terceira avaliación determinarase segundo o procedemento seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Por defecto conservarase a nota da 2ª avaliación.</li> <li>• No caso dos alumnos e alumnas que acheguen materiais polos medios establecidos e, despois da súa valoración, terase en conta só no caso que así se considere para beneficiar ao alumno/a.</li> </ul>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Actividades interactivas ( enlaces a páxinas web)  Vídeos de repaso para bailar e cantar  Reforzo da práctica da frauta doce  Fichas de repaso e reforzo  Libro de texto</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Todas as propostas e indicacións de traballo están a disposición do alumnado e as súas familias na páxina web do centro, tanto na páxina principal, como no apartado de especialidades Ed. Musical distribuídos por semanas e por niveis.</p> <p>Tamén nos grupos que utilizan aula virtual consensuouse co profesorado titor para que suban asimismo un enlace das actividades de ed. musical á propia AV</p> <p>Según informe recibido da dirección do centro non hai alumnos sen conectividade</p> <p>Os alumnos envían vía e-mail ao correo electrónico da mestra de música o traballo realizado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Enlaces a páxinas interactivas na rede  Enlaces a vídeos na rede  Fichas de traballo individual  Libro do alumno</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Toda a información referida a actividades, novas e modificacións poderase atopar na páxina web do centro.</p> <p>Nalgúns casos, pola natureza da comunicación, tamén se considera a posibilidade de establecer comunicación directa coa familia do alumno/a a través do correo electrónico utilizado na comunicación ordinaria.</p> <p>O equipo directivo será o encargado de facer chegar aos membros que considere da comunidade educativa as modificacións á programación segundo as ferramentas das que dispoña.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>O equipo directivo publicará estas modificacións á programación na páxina web do centro.</p>